



# AXUDAS LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR

## CURSO 2018-2019

(Orde de 9 maio de 2018, DOG 21/05/2018)

### REQUISITOS:

1. Ser pai, nai ou titor/a legal do alumnado matriculado en Educación Primaria para o vindeiro curso ou ESO no seu caso
2. Non estar incurso en prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.
3. Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 9000 euros anuais no 2016.
4. De ser o caso, ter devoltos en bo estado todos os libros adquiridos coas axudas do curso 2017/18. O caso contrario será causa de **EXCLUSIÓN** directa da participación no préstamo.

### A QUE AXUDAS SE PODE OPTAR?

As contías das bolsas para a adquisición de libros, compra de material escolar ou libros aos que se teñen dereito varían segundo os ingresos da unidade familiar no ano 2016 dividido polo número de membros computables. Segundo esa renda per cápita familiar (sumar a *base imponible xeral -recadro 392-* e a *base imponible do aforro -recadro 405-* das declaración da renda do ano 2016, dividindo o resultado entre o número de membros da unidade familiar), a contía das axudas pode variar. Para o calculo da renda per cápita débese ter en conta que computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade do 33% ou máis ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente a clases pasivas. No caso de non presentar declaración teranse en conta os ingresos netos de todos os membros computables da unidade familiar

#### a) ALUMNADO DE 1º E 2º EP NO CURSO 2018/19:

##### a.1) Vale para a adquisición de libros de texto:

- Renda per cápita familiar igual ou inferior a 5400 € ► 170 €
- Renda per cápita desde 5400 € ata 9000 € ► 90 €
- Alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta ► 170€
- Alumnado con discapacidade superior ao 65% ► 250€

##### a.2) Vale para material escolar:

- Renda per cápita igual ou inferior a 5400 € ► 50 €
- Alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta ► 50 €
- Alumnado con discapacidade superior ao 65% 50 €

## b) ALUMNADO DE 3º, 4º, 5º E 6º NO CURSO 2018/19:

b.1) Acceso ao Fondo solidario de Libros de Texto existente no Centro. A adxudicación dos libros farase por orde inversa á renda per cápita ata que se esgoten as existencias (no mes de setembro).

Esgotados os libros dispoñibles no fondo solidario, o centro adquirirá os libros de texto necesarios para garantir:

-Ao alumnado con renda per cápita igual ou inferior a 5400 €: 6 libros de texto.

- Ao alumnado con renda per cápita desde 5400 € ata 9000 €: 4 libros de texto.

Este alumnado está obrigado a devolver os libros en debidas condicións ao remate do curso (antes do 21 de xuño).

### b.2.) Vale para material escolar:

Renda per cápita igual ou inferior a 5400 € ► 50 €

### **PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE: ata o venres 22 de xuño.**

As solicitudes (ANEXO I e II) presentaranse preferiblemente por vía electrónica accedendo a aplicación FONDOLIBROS, a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente na secretaría do centro.

A solicitude será a mesma para todos os fillos/as e, de ser o caso, tutelados, que estean admitidos no mesmo centro para o curso 2018/19, especificando o nivel de estudos que espera realizar cada un deles no citado curso. Se están admitidos en centros docentes distintos, presentarse unha solicitude en cada centro, e no caso de que a solicitude se tramite por vía electrónica a través da aplicación *Fondolibros* será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno/a.

### **DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR:**

- **ANEXO I e ANEXO II:** Pódense recoller no centro ou descargalos en formato PDF dende a aplicación FONDOLIBROS. A Solicitude deberá estar asinada por todos os membros da familia que obteñan ingresos.
- **FOTOCOPIA DO LIBRO DE FAMILIA** completo desde a primeira páxina e ata a última na que figuren todos os membros da unidade familiar. Deberase acompañar da presentación do libro orixinal. Non se aceptarán solicitudes que non vaian acompañadas da fotocopia do libro de familia completo.

En caso de que a situación a día 31 de decembro de 2016 non coincida coa do libro de familia, terase que presentar: a sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia; o certificado ou volante de convivencia e/ou o informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello que acredite a situación familiar.

- **OUTRA DOCUMENTACIÓN (EN CASO DE SER NECESARIA):**

– Certificado acreditativo do grao de discapacidade do alumno/a ou calquera membro da familia.

- No caso de situación de violencia de xénero, documentación acreditativa.
- Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado do centro de menores para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.
- Certificado de convivencia en caso de que o pai, nai ou titor carezan de DNI.

## CALENDARIO

19 - 21 de xuño	Devolución de libros de texto nas aulas
22 de xuño	Remata o prazo de entrega das solicitudes
30 de xuño	Publicación da listaxe provisional (Indicando causa exclusión)*
2 e 3 xullo	Reclamacións á publicación da listaxe provisional
4 de xullo	Publicación da listaxe definitiva*
9 - 12 de xullo	Entrega dos vales
3 de setembro (11:00h)	Entrega dos libros de 3º EP**
3 de setembro (12:00h)	Entrega dos libros de 4º EP**
4 de setembro (11:00h)	Entrega dos libros de 5º EP**
4 de setembro (12:00h)	Entrega dos libros de 6º EP**

\* As listas provisionais e definitivas das persoas beneficiarias serán publicadas no taboleiro de anuncios e na páxina web do centro nas datas indicadas (De conformidade co artigo 17.1 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e de bo goberno*, e co artigo 15.2.c) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*).

\*\*Se algún pai, nai ou titor/a legal non pode acudir a recoller os libros na hora e día citado, pode vir outra persoa na súa representación cunha autorización asinada e acompañada da fotocopia do DNI.

## ASPECTOS IMPORTANTES A TER EN CONTA:

① O alumnado de sexto do presente curso, debe presentar a solicitude no IES no que está admitido para o curso 2018/19.

② A presentación da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para comprobar a través da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Facenda a veracidade dos datos de carácter tributario declarados na solicitude, sendo necesaria tamén a autorización do resto dos membros computables da unidade familiar que obteñan ingresos, que deberán asinar para tal fin o citado anexo correspondente e indicar o seu NIF/NIE.

③ Cálculo da renda per cápita familiar: sumar os importes da *base imponible xeral* (recadro 392) e a *base imponible do aforro* (recadro 405) das declaracións da **renda do ano 2016** dos membros que obteñan beneficios na unidade familiar, dividindo o resultado obtido entre o número de membros da mesma.

Para o cálculo da renda per cápita familiar computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade do 33% ou máis ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por

incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente a clases pasivas.

⑨ As persoas que non residiran en España no ano 2016 deberán acreditar os seus ingresos no país de orixe mediante nóminas, xustificantes de pensión, xustificantes de rendementos bancarios ou calquera outro documento acreditativo. No caso de carecer desta documentación ou non se obtiveran ingresos, deberán presentar unha declaración responsable dos ingresos da unidade familiar.

⑨ Membros computables da unidade familiar:

- a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso o titor ou titores.
- b) Os fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados ou as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.
- c) Os fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente, sempre que estean suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- d) Os fillos/as menores solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- e) Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.
- f) A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumno/a.

⑨ Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

⑨ Non terá a consideración de membro computable:

- a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

⑨ QUEDARÁN EXCLUÍDAS:

- a) As solicitudes que non se puidesen validar por estar presentadas fóra de prazo.
- b) Por falta de enmenda das deficiencias da solicitude e/ou da documentación.
- c) Por falta de devolución dos libros de texto recibidos no fondo solidario do curso 2017/18.
- d) As solicitudes que superen os límites de renda per cápita da unidade familiar fixados na Orde do 9 de maio de 2018: 9000 € en axudas para adquirir libros de texto e 5400 € en axudas para adquirir material escolar.

⑨ É obriga dos beneficiarios das axudas:

- a) **Destinar o importe íntegro á adquisición de libros do texto propios do curso académico para o que se solicitou a axuda (1º e 2º).**
- b) Cooperar nas actividades de inspección e verificación da Administración.
- c) Destinar os vales para a adquisición exclusiva do material escolar.